



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/13	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de marzo de 2018
Duración	Desde as 9:15 ata as 9:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 12 e 19 de marzo de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local realizadas os días 12 e 19 de marzo de 2018.

Expediente 1455/2018. Solicitud de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J. C. B. M. na que solicita a baixa de sinal de pasaxe permanente nº 748, por falecemento do seu pai, titular do referido sinal instalado en rúa Paraíso, nº 12-Cima de Vila-Darbo. A Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa do sinal nº 748 que figuraba a nome de J. B. B.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o titular do sinal de pasaxe permanente consta ao corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do solicitante se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ao cobro a taxa correspondente.



Expediente 380/2018. Informe da Policía Local referente a interposición de recurso potestativo de reposición por denegación de reservado de vía pública en rúa Longán

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 17.03.2018 pola Policía Local, referente ao recurso de reposición interposto por M. A. D. por solicitude de reservado de vía pública en rúa Longán, que é como segue:

"Que con relación ao recurso de reposición potestativo presentado por M. A. D., en referencia á instancia presentada no rexistro de entrada municipal con data 16 de xaneiro de 2018, co nº 474, pola que se solicita un reservado de vía pública na rúa Longán, sendo o parecer dos policías que non procedía, contestan al recurso:

Que como se fai constar no escrito, M. A. D., nas inmediateções do seu negocio existen dúas prazas de estacionamento con limitación horaria dun máximo de 30 minutos, de tempo establecido das cales pode facer uso para o seu traballo.

Que tamén é correcto o sinalado polo recorrente sobre a cafetería que hai enfronte do seu negocio, dispoñendo esta dun reservado de vía pública para a instalación de terraza.

Que con referencia ao agravio comparativo que fai constar M. A. D. con outra empresa que desenvolve o seu mesmo traballo en rúa Canabés, sinalar que si é certo que existe sinalización con reserva de vía enfronte ao negocio de rúa Canabés, pero isto se debe a que se estacionan enfronte do negocio non son capaces de acceder cos vehículos a este, dispoñendo de un pasaxe permanente que lles facilita a entrada ao negocio. Nun primer momento estableceuse unha zona de prohibido estacionar enfronte el negocio da rúa Canabés co fin de poder facer uso do pasaxe permanente, sendo modificada a sinalización coa excepción dos vehículos do lavado, porque a titular dispón das chaves dos vehículos para realizar as manobras oportunas, sendo por isto, ao parecer dos policías, que non procede a situación de agravio comparativo que manifesta M. A. D.

Que é o parecer dos policías non apropiada a reserva de vía pública solicitada, agás superior parecer, xa que a uns metros existe estacionamento con limitación horaria da que pode facer uso (podendo en todo caso ser modificada a duración do tempo máximo permitido co fin de facilitar o desenvolvemento do seu negocio) e que a zona xa non dispón de suficientes prazas de estacionamento como para limitala aínda mais véndose así afectada o resto da veciñanza que viven nas inmediateções, así como, o resto dos negocios que están na mesma rúa (lavandería, tenda de produtos para animais, cafetería, fisoterapeuta, clínica dental).

No informe policial se achegan fotos da zona reservada con limitación horaria de estacionamento (máximo 30 minutos). E distancia da zona reservada, ao negocio da persoa solicitante".



Expediente 1492/2018. Informe da Policía Local de sinalización para limitación de velocidade na Avda. de Marín e arredores

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe de data 22.03.2018 emitido pola Policía Local, referente a sinalización de limitación de velocidade na Avda. de Marín e arredores, que di o seguinte:

"Que vistos os cambios que se están a realizar en rúa Gondomar, a dirección desta xefatura propón a limitación de velocidade a 30 km/h, con sinalización vertical e horizontal, en toda a Avda. de Marín e rúas limítrofes a esta.

Tamén informamos da necesidade de colocación de tres prazas para persoas con mobilidade reducida, distribuídas ao longo da rúa Gondomar, cada unha delas nas interseccións coa rúa Noria, coa Avda. de Marín e coa rúa Ferrol".

Expediente 5566/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 265/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 455/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 455/2017.- Dase conta do informe pericial realizado polo arquitecto F. M. M., de data 27 de febreiro de 2018, solicitado pola Alcaldía, sobre parcela sita en



rúa David Cal, nº 18-Vilariño, para os efectos de adoptar o acordo oportuno.

Expediente 264/2018. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 264/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove A. P. S. E OUTROS, consistente en parcelar un predio inicial de 3.020,00 m2., sito na Serra de Nacente- Darbo, en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola enxeñeira de montes Rosalía Castro Ríos de data novembro de 2017.

Vistos os informes técnicos emitidos, favorablemente polo arquitecto municipal de data 19 de xaneiro de 2018 e desfavorablemente pola xefa de urbanismo de data 13 de marzo do ano que andamos, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Adoptar un acordo sobre a parcelación solicitada por A. P. S. E OUTROS, para parcelar un predio inicial de 3020,00 m2., sito na Serra de Nacente-Darbo, en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado pola enxeñeira de montes R. C. R. de data novembro de 2017, resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 931,00 m.2, a parcela 2 de 924,00 m2., a parcela 3 de 974,00 m2., e a parcela 4 de cesión de 188,00 m2., ao existir distintos criterios técnicos nos informes obrantes no expediente.

Expediente 1341/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1341/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, n º45-Cangas, para reparación de cuarto de baño e cociña no 2º andar da vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data marzo de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil seiscientos sesenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (2.668,52 €).

Expediente 1339/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE Nº 1.339/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. P. G., para realce de muro sito no lugar de Santa Marta-Camiño dos Tombos-Darbo, de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta M. T. F. I. de marzo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil cento dous euros (1.102,00 €).

Expediente 1259/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1259/2018.- Dase conta da comunicación previa de cambio de titularidade presentada por M. M. G., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 97-4ºC-Cangas, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de calzado sito en rúa Félix Soage, nº 7-baixo, que ata agora rexentaba A. G. V., vista a acta de comprobación favorable da arquitecta de data 20 de marzo de 2018.

Expediente 3939/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3939/2017.- Dase conta da comunicación previa de cambio de titularidade presentada por P. M. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Colón, nº 3, para cambio de titularidade de comercio de venda polo miúdo de roupa e complementos, sito en rúa Colón, nº 3, que ata agora rexentaba "Asesoría e Xestión Informática do Morrazo SL", segundo a acta de inspección favorable da arquitecta de data 20 de marzo de 2018.

Expediente 1096/2018. Concesión do servizo "Xantar na casa"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 21.03.2018 emitida polo director do Centro Municipal de Benestar Social, referente a solicitude do programa "Xangar na Casa", que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G., en calidade de director do Centro Municipal de Benestar Social, con relación na solicitude do programa 'Xantar na Casa', presentada por C.G.M., e examinado o informe da traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos deste



Concello de Cangas

concello, proponse a seguinte resolución:

* Concesión do programa cun custe por menú de un euro con sesenta e sete céntimos (1,67 €).

Expediente 5901/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución dos seguintes avais depositados pola empresa "Sociedad Española de Montajes Industriales SA" (SEMISA):

- Licenza nº 24.044, expediente nº 25.198, por importe de catorce mil trescentos noventa e sete euros con noventa e sete céntimos (14.397,97 €), perante o Banco Popular.
- Licenza nº 24.457, expediente nº 25.570, por importe de mil cento trinta e un euros con quince céntimos (1.131,15 €), perante "Unicaja Banco".
- Licenza nº 24.330, expediente nº 24.803, por importe de vinte e sete mil novecentos cincuenta e oito euros con noventa e nove céntimos (27.958,99 €), perante "Unicaja Banco".
- Licenza nº 24.456, por importe de mil setecentos oitenta e seis euros con vinte e oito céntimos (1.786,28 €), perante "Unicaja Banco".
- Licenza nº 23.950, por importe de mil cincocentos dezaioito euros con trinta e sete céntimos (1.518,37 €), perante "Unicaja Banco".
- Licenza nº 23.783, por importe de mil douscentos euros (1.200,00 €), perante "Kutxabank".
- Licenza nº 23.728, expediente nº 24.841, por importe de mil douscentos euros (1.200,00 €), perante "Banco Popular".

Segundo.- Notificar este acordo á empresa interesada.

Expediente 7691/2017. Recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de tres mil cincocentos oitenta e nove euros (3.589,00 €), depositado por "DESURBIN SL", no expediente nº 22.011, licenza de obras nº 21.510.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 1193/2018. Solicitar axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e axencias de lectura de titularidade municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 20.03.2018 do concelleiro de cultura e normalización lingüística, referente a solicitude de axuda para dinamización da lectura en bibliotecas e axencias de lectura municipais, que é como segue:

"PROPOSTA

Solicitar axuda á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e axencias de lectura de titularidade municipal.

Publicada a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data do 20 de febreiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convoca para o ano 2018.

Visto o informe da bibliotecaria municipal, no que fai constar que as bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal cumpren cos requisitos do artigo 7 da orde:

- Estar integradas na Rede de bibliotecas de Galicia.*
- Ter un horario de apertura ao público dun mínimo de 15 horas semanais.*
- Ter cuberta e remitida a estatística de bibliotecas do ano 2016.*
- Ter informatizada a xestión das bibliotecas.*

Polo que reunindo o Concello os requisitos que se especifican na orde sinalada, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e axencias de lectura de titularidade municipal.

Segundo.- Certificar o horario das bibliotecas e axencias de lectura municipais.

Terceiro.- Certificar a remisión da Conta Xeral 2016 do Concello de Cangas ao Consello de Contas de Galicia".

Expediente 1452/2018. Dar conta da Resolución de solicitude de axuda á



Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora dos montes mediante a creación de parques forestais-2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentime
nto

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 20.03.2018 da Alcaldía, referente a solicitar axuda á Deputación Provincial para a mellora dos montes, que é como segue:

"Solicitud de axuda á Deputación de Pontevedra ao abeiro das bases do 21.12.2017, para a mellora dos montes mediante a creación de parques forestais.

Vista a convocatoria da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO nº 243, do día 21 de decembro de 2017, de subvencións a concellos da Deputación Provincial de Pontevedra, destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais. Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e as comunidades de montes do Hío e de Darbo para a creación do proxecto integral do Parque forestal de Varalonga-Vilariño.

Visto o proxecto para a execución dun parque forestal no Monte de Varalonga redactado pola enxeñeira R. C. R., colexiada nº 3792, cun orzamento total de douscentos vinte e oito mil dezasete euros con sesenta e seis céntimos (228.017,66 €), incluído o IVE, que contempla os traballos a realizar para o ano 2018 cun orzamento total de setenta e un mil cincocentos cincuenta e un euros con oitenta e dous céntimos (71.551,82 €), sen o IVE; e oitenta e seis mil cincocentos setenta e sete euros con setenta céntimos (86.577,70 €), co IVE engadido.

Polo que propono á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de PARQUE FORESTAL MONTE DE VARALONGA, redactado por R. C. R., colexiada nº 3792, en data marzo de 2018, polo importe total co IVE engadido de douscentos vinte e oito mil dezasete euros con sesenta e seis céntimos (228.017,66 €).

Segundo.- Solicitar unha axuda para os traballos previstos no proxecto para a execución dun parque forestal no Monte de Varalonga a realizar durante o ano 2018, por importe total co IVE engadido de oitenta e seis mil cincocentos setenta e sete euros con setenta céntimos (86.577,70 €), á Deputación de Pontevedra ao abeiro da convocatoria do 21.12.2017, para os traballos a realizar no ano 2018 do proxecto de Parque forestal Monte de Varalonga.

Terceiro.- Declarar o compromiso do Concello de achegar o 30% do financiamento non subvencionable da actuación que se solicita.

Cuarto.- Declarar que o Concello de Cangas non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Quinto.- Declarar que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias.



Sexto.- Declarar que o Concello non solicitou nin recibiu ningunha axuda ou subvención para esta actuación que se solicita.

Sétimo.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".

Expediente 7154/2017. Proposta de prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 22.03.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a prórroga de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 201, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2018

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2017, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2018 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2018, das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.



Concello de Cangas

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2018 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) a:

- Ref: 3. Y. D. D.
- Ref: 9. M. R. P. P.
- Ref: 72. C. R. V.
- Ref: 124. A. M. G.
- Ref: 135. M. A. G. P.
- Ref: 137. L. L. S.
- Ref: 141. S. J. F.

CAMBIOS TITULARIDADE

- Ref: 121. J. L. P. R. - M. I. R.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

Expediente 30/2018. A) Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-2019-Liña 1-investmentos. B) Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-2019-Liña 2-Investmentos (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade
/Asentimento

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2018-2019 LIÑA 1-INVESTIMENOS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 27.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-2019-Liña 1-Investmentos, que di:

"PROPOSTA

Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



2018-2019-Liña 1-Investmentos

Publicadas no BOPPO nº 2 de data do 03.01.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019).

Vista a comunicación da Deputación da contía total do dito plan a este Concello e que literalmente di: 'En aplicación dos criterios obxectivos de reparto establecidos na base reguladora sexta, determinouse a cantidade individual e definitiva que lle corresponde ao Concello de Cangas para o financiamento das solicitudes acollidas ao dito plan e que ascenden no exercicio 2018 a un millón cento catro mil catorce euros con setenta céntimos (1.104.014,70 €) e no 2019 para liña 1 a setecentos oitenta e tres mil noventa e seis con dezasete céntimos (783.096,17 €).

Con cargo á cantidade do ano 2018 poderán presentarse solicitudes de subvención, nas distintas liñas recollidas no plan, con suxeición ás porcentaxes e límites máximos establecidos para cada unha delas, segundo o previsto na base reguladora quinta. Polo tanto, con cargo a esta cantidade o Concello de Cangas poderá destinar como mínimo á liña 1, e como máximo ás liñas 2 e 3, as cantidades que se relaciona na táboa que se inxire a continuación.

O importe non solicitado nas liñas 2 e 3 poderá ser destinada a incrementar a cantidade dsipoñible na liña 1:

<i>Liña de subvención</i>	<i>Porcentaxe</i>	<i>Importe</i>
<i>Liña 1</i>	<i>67,86 (mínimo)</i>	<i>749.152,83</i>
<i>Liña 2</i>	<i>9,52% (máximo)</i>	<i>105.144,26</i>
<i>Liña 3</i>	<i>22,62 (máximo)</i>	<i>249.71,61</i>
<i>Total</i>		<i>1.104.014,70</i>

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas coa facenda estatal, autonómica tributarias e coa Seguridade Social.

Visto que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Visto que os proxectos redactados para solicitar son servizos de competencia municipal, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da LRBRL, polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar os seguintes proxectos:

<i>Denominación proxecto</i>	<i>Total proxecto</i>	<i>Anualidade 2018</i>	<i>Anualidade 2019</i>
<i>Técnico redacción proxecto</i>			
<i>Importe redacción proxecto</i>			



Concello de Cangas

<i>Proxecto de mellora de abastecemento e/ou saneamento en Arneles, Gandón e Pepe Durán: 118.834,14 € Técnico redación proxecto, o enxeñeiro, Santiago Javier Pérez Vázquez Importe redación proxecto: 3.633,21€</i>	122.467,35	59.417,07	59.417,07
<i>Proxecto de mellora de abastecemento e/ou saneamento en Camiño Rabáns, Pagha da Besta e Praia Castiñeira: 172.265,26 € Técnico redación proxecto: o enxeñeiro, Santiago Javier Pérez Vázquez. Importe redación proxecto: 5.266,79€</i>	177.532,05	86.132,63	86.132,63
<i>Humanización e accesibilidade Rúa Fonteferreira Técnico municipal: María Isabel Medraño Fariña</i>	81.534,60	81.534,60	
<i>Nova capa rodadura vieiros municipais Técnica municipal, Carmen Gómez Cancela</i>	301.098,22	150.549,11	150.549,11
<i>Proxecto de reparación de cuberta e fachadas no pavillón do Colexio Castrillón-Coiro Técnico municipal: María Isabel Medraño Fariña</i>	299.042,95	149.521,48	149.521,48
<i>Pavimentación rúas Xoán de Cangas e Eduardo Pondal. Técnico municipal: Carmen Gómez Cancela</i>	122.849,92	61.424,50	61.424,50
<i>Mellora de servizos e pavimentación Rúa Valentín Losada. Técnico municipal: María Isabel Medraño Fariña</i>	152.462,08	76.231,04	76.231,04
<i>Pavimentación e accesibilidade Paseo Pepe Poeta. Técnico municipal: Carmen Gómez Cancela</i>	84.342,38	84.432,38	
<i>Suma</i>	1.341.329,55	758.142,81	583.275,83

Concello de Cangas



Segundo.- Solicitar axuda á Deputación Provincial polo importe de un millón trescentos corenta e un mil trescentos vinte e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (1.341.329,55 €), con cargo ao Plan Concellos 2018-2019, correspondendo setecentos cincuenta e oito mil cento corenta e dous euros con oitenta e un céntimos (758.142,81 €) con cargo á anualidade 2018 e cincocentos oitenta e tres mil douscentos setenta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (583.275,83 €), con cargo ao 2019, para a execución dos proxectos que se relacionan anteriormente e asumir o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a execución dos proxectos que se van a solicitar.

Cuarto.- Declarar que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Quinto.- Declarar que o concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social e autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra a obter as certificacións precisas.

Sexto.- Dar conta da solicitude que se formula no vindeiro Pleno que se realice".

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2018-2019 LIÑA 2-INVESTIMENOS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 27.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a solicitude de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-2019-Liña 2-Investmentos, que di:

"PROPOSTA

Solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan Concellos 2018-liña 2 (amortización, pagamento de débeda e gastos correntes).

Publicadas no BOPPO nº 2 de data do 03.01.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019).

Vista a comunicación da Deputación da contía definitiva ao dito plan para a liña 2, que



Concello de Cangas

ascende á cantidade de cento cinco mil cento corenta e catro euros con vinte e seis céntimos (105.144,26 €), redáctase a memoria para 'TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS', polo importe de noventa e seis mil cento cincuenta e catro euros con vinte e oito céntimos (96.154,28 €).

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas coa facenda estatal, autonómica tributarias e coa Seguridade Social.

Visto que o concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Visto que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social.

Polo que proponho á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva para 'TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS', polo importe total de noventa e seis mil cento cincuenta e catro euros (96.154,00 €).

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 2-Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (Tratamento de resíduos sólidos urbanos), polo importe de noventa e seis mil cento cincuenta e catro euros (96.154,00 €).

Terceiro.- Declarar que o Concello, para esta actuación que se inclúe na liña-2, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar que o Concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Quinto.- Declarar que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social e autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra a obter as certificacións precisas.

Sexto.- Dar conta da solicitude que se formula no vindeiro Pleno que se realice.

Publicadas no BOPPO nº 2 de data do 03.01.2018 as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2018-2019)".

Expediente 3782/2017. Aprobación de certificacións da obra “Nova capa de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

rodadura en vieiros municipais” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as certificacións que se relacionadas de seguido, de conformidade co informe emitido en data 22.03.2018 polo interventor municipal, no que se indica que se fiscaliza de conformidade o recoñecemento de obrigas correspondente ás certificacións primeira e segunda da obra “Nova capa de rodadura en vieiros municipais”, por importe de cento doce mil cento oitenta e catro euros con noventa e seis céntimos (112.184,96 €), da que é empresa adxudicataria "MARCONSA".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850